MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR (1 para 2)
SECRETARIO
Data de Sinatura: 24/01/2022
HASH: 9665d7a67c60c22b57981a662fa44d567

FATIMA ABAL ROMA (2 para 2)
CONCELLEIRA
Data de Sinatura: 24/01/2022
HASH: aee751ae8f7ca25fbc336cfc730dcb26

CONCELLO DE CAMBADOS

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2021/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de novembro de 2021
Duración	Desde as 21'00 ata as 22'30 horas
Lugar	Salón de Sesións (Adoptáronse as medidas de seguridade e distanciamento social derivadas da crise sanitaria do Covid-19)
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

ASISTENTES (16):

PSDG-PSOE (3): Dª Fátima Abal Roma, D. Samuel Lago Ozón e Dª Milagros Martínez Piñeiro.
SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey
B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas e Dª Mariel Oubiña Vázquez.
P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, Dª María Isabel Fole Trigo, Dª Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, Dª Monica Montserrat Peña Otero, Dª Silvia Fernández Pérez e D. José Carlos Trigo Trigo.
CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

Non asiste: Dª María Cruz Leiro Peña.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Declaración institucional co motivo do 25-N: Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

Cod. Validación: 6KHY5HXNCARZMFAG3S9C4GR9C | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 11

Pola Sra. Alcaldesa dase lectura á seguinte:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

"*O maltrato machista, consecuencia máis atroz da pretendida desigualdade entre homes e mulleres, segue na nosa sociedade. Por iso, con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, o Concello de Cambados únese ao manifesto da FEGAMP e lembra ás vítimas que os Concellos están aí para axudalas a saír desa situación e reitera o firme compromiso das Entidades Locais de combater tan inxusta, irracional e gran eiva.*

A COVID19 agravou e agachou o problema, pero a debacle da pandemia vén seguida dunha oportunidade para avanzar cara a unha metamorfose histórica en todos os eidos: as bases que rexen o estilo de vida, o emprego dos recursos naturais, a economía, os dereitos e as relacións humanas. Neste último punto se encadra o obxectivo de acadar a igualdade de xénero, principio esencial para unha sociedade xusta, pacífica, próspera, sostible e absolutamente incompatible co maltrato á muller. Cando consigue saír á luz, a violencia física, máis identificable ou perceptible, é a que fai saltar as alarmas máis veces. Pero o maltrato ás mulleres prodúcese acotío, en case todos os ámbitos da vida e baixo distintas formas: discriminación, violencia, vexación, dominio, ameaza, acoso, enmudecemento, privación... Mais recentemente recoñecida pero non por iso menos cruel, nesta lista incluíuse a violencia vicaria, é dicir, aquela que o maltratador exerce contra as persoas que a muller máis quere, normalmente fillos e fillas, coa intención de xerarlle sufrimento ou sometela.

Se ben ao longo dos últimos anos as estatísticas amosan avances importantes nalgunhas formas de maltrato como a ablación, aínda deixan cifras tremebundas como que case 1 de cada 3 mulleres do mundo de 15 anos ou máis sufriu violencia física ou sexual ao menos unha vez na súa vida.

Aquí, en Galicia, a memoria da Fiscalía Superior de Galicia do ano pasado rexistra 6.073 vítimas da violencia de xénero (1,27% máis que en 2019), 3 asasinatos machistas e un dato moi preocupante: un 84% de renuncias a continuar co proceso xudicial. Os Concellos somos para a cidadanía a Administración tanxible; o refuxio das persoas cando teñen dúbidas, necesidades, problemas... A confianza que depositan en nós é unha gran responsabilidade que cobra máis peso canta máis gravidade reviste a situación e, fóra de toda cuestión, a vida e integridade das persoas é a maior das prioridades.

Esta relación directa, a nosa capacidade de xestión, xunto co noso coñecemento e acción á hora de dar forma ao modelo de convivencia, convírtenos nun actor esencial en calquera política, pero de xeito especial naquelas que inciden directamente nas persoas.

O compromiso do municipalismo galego fronte a violencia de xénero va máis aló de diminuír os rexistros de vítimas; persegue erradicar ese maltrato astuto e invisíbel que oprime de distintas maneiras ás mulleres impedíndolles o seu desenvolvemento e traballa na concienciación para que a igualdade sexa inherente á nosa sociedade.

E dende este posicionamento, o Concello de Cambados, xunto coa Fegamp e outras Entidades Locais Galegas:

-Instamos ás demais Administracións, institucións, entidades públicas e privadas, axentes sociais e á cidadanía en xeral, a sumarse a esta declaración de denuncia e

Cod. Validación: 6KHY5HXNCARZMFAG3S9C4GR9C | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 11

compromiso para erradicar calquera tipo de violencia contra as mulleres.

-Sinalamos a necesidade dunha abordaxe global e profunda, con liñas de acción sobre todas as formas do maltrato, incidindo non só na asistencia senón axudando a dar visibilidade a todo tipo de situacións e adoptando medidas de prevención que eviten o sufrimento.

-Reivindicamos a importancia do municipalismo nesa inescusable transformación que debe pór fin ao maltrato ás mulleres e a acorde participación na toma de decisións que precise dito proceso.

-Requirimos recursos económicos e humanos para a implementación de proxectos de axuda e empoderamento das mulleres.

-Demandamos a mellora e prioridade das políticas e leis a favor do desenvolvemento das mulleres, garantindo a súa aplicación en calquera espazo e circunstancia a prol de protexer os seus dereitos.

-Subliñamos o valor das mulleres no desenvolvemento social, económico, intelectual e humano e, por tanto, a necesidade de asegurar a súa participación plena e efectiva en todos os niveis de liderado e decisorios da vida política, económica e social, tanto pública como privada"

Aprobación da acta da sesión celebrada o día 30/09/2021 (Expte. PLN/2021/7)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día 30/09/2021.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación.

Escrito de renuncia presentado por D. Victor Manuel Caamaño Rivas ao cargo de Concelleiro

O Sr. Secretario, de acordo co artigo 9 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro da lectura ao escrito de renuncia presentado por D. Victor Manuel Caamaño Rivas (R.E.: 2020-E-RE-6252, de 24.11.2021) que literalmente di:

"Victor Caamaño Rivas, concelleiro e portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Cambados e con DI nº 35437835-X

EXPÓN: que por motivos persoais, presenta a súa RENUNCIA ao cargo de membro da corporación municipal do Ilustrísimo Concello de Cambados polo que,

SOLICITA: Que se dea coñecemento desta renuncia na vindeira sesión do Pleno Ordinario do 25 de novembro, para que a Xunta Electoral Central proceda á súa substitución pola persoa que corresponda."

O Pleno da Corporación, toma coñecemento da renuncia anterior.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) da as grazas aos asistentes e ao pobo de Cambados por ter a oportunidade de levar a cabo as tarefas de concelleiro durante quince anos. Fai un

Cod. Validación: 6KHY5HXNCARZMFAG3S9C4GR9C | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 11

repaso ás etapas dos distintos alcalde (José Manuel Cores Tourís, Luis Aragunde Aragunde, Fátima Abal Roma).

Di que tamén tivo a oportunidade de formar parte do equipo de goberno de coñecer a un montón de veciños de Cambados. Manifesta que foron 15 anos complicados para o BNG e para a el mesmo no persoal (da conta do falecemento dos seus pais neste período)

Agradece as mostras de agarimo e da azos ao resto de membros da Corporación considerando que a política constitúe unha tarefa que non está suficientemente valorada e que as veces é despreciada. Considera imprescindible unha democracia na que se participe.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) da a noraboa ao Sr. Caamaño Rivas pola súa traxectoria política; eloxia a súa personalidade ao facilitar o traballo en equipo e por tratarse dunha persoa moi traballadora. Di que ten e garda un recordo excepcional do Sr. Caamaño Rivas ao que lle desexa toda a sorte nesta nova etapa.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di compartir as palabras do Sr. Abal.
Lembra que o Sr. Caamaño Rivas esperta consenso na sociedade cambadesa. Amosa respeto pola profesión que desenvolve (docencia) e di que puido comprobar que esas dotes e cualidades quedaron sobradamente demostradas. Considera un pracer e unha honra e gobernar con el, e deséxalle o mellor no sucesivo.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) diríxese ao Sr. Caamaño e considera que merece un descanso na política. Eloxia del a súa vocación de servizo público. Di que, aínda que nos últimos tempos non facilitara as tarefas do goberno municipal iso non debe empañar a súa actuación política. Dalle as grazas e deséxalle saúde e sorte.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) incide en que foi un placer compartir este salón de plenos co Sr. Caamaño nun clima de consenso debatindo coa palabra. Considérase adversario político, non inimigo. Di querer agradecerlle todos os anos de dedicación e desexarlle o mellor na súa nova etapa. Lembra que no Albariño haberá que brindar.

A Sra. Alcaldesa define ao Sr. Caamaño Rivas como boa persoa coa que ten rido e tamén chorado en moitas ocasións; suscribe as palabras do resto de concelleiros e deséxalle toda a sorte no futuro.

(O Sr. Caamaño Rivas abandona o Pleno Municipal entre o aplauso xeral dos asistentes á sesión).

Expediente 4184/2021. Proposta do Grupo Municipal Cambados Pode interesando a recuperación do servizo nocturno da Policía Local durante as fins de semana e os festivos.

O Sr. Secretario da conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Terceira Idade, Seguridade Cidadá e Mobilidade do seguinte tenor literal,

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
Na lexislatura pasada debido ás diminucións de efectivos na Policía Local de Cambados a Alcaldía decidiu suprimir as gardas nocturnas de forma provisional ata que se reincorporasen os efectivos que estaban de baixa. Esta situación de transitoriedad e de carácter provisional co paso do tempo convertíuse en algo definitivo, e a Policía Local practicamente non fai servizo

Cod. Validación: 6KHY5HXNCARZMFAG3S9C4GR9C | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 4 a 11

nocturno ao longo do ano excepto en contadas ocasións.

Esta última semana (30 de agosto-6 setembro) producíuse unha vaga de roubos en garaxes comunitarios e durante todo o verán os veciños de diferentes puntos do noso municipio víronse desamparados fronte aos numerosos incidentes que ocorren polas noites: ruídos, festas privadas, altercados, incidencias viarias, etc., sucesos que ocorren sobre todo durante a fin de semana.

Por outra banda en xaneiro do 2020 aprobábase por unanimidade unha moción de Cambados Pode a raíz dunha oleada de roubos na urbanización de "A Pedreira" na parroquia de Vilariño, na que se pedía entre outras cousas reforzar o persoal da Policía Local, dotar de máis efectivos ao cuartel da Garda Civil de Cambados, convocar Xunta Local de Seguridade, cámaras de seguridade nos principais accesos a Cambados, etc. Ano e medio despois a gran maioría deses puntos están sen levar a cabo polo concelleiro competente nesta materia.

A seguridade cidadá é, non so un dereito, senón tamén unha condición indispensable para o exercicio da liberdade por parte dos cidadáns, residan donde residan e sexa xal sexa a súa capacidade económica. Para garantir este dereito é preciso adoptar medidas tanto na prevención da delincuencia e redución da marxinalidade así como a correcta e adecuada coordinación da Policía Local de Cambados coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado presentes no territorio do municipio.

A medida que se vai recuperando a normalidade post-Covid-19, os cacos tamén van empezando a actuar e a facer das súas. A mediados de agosto deste ano no Concello de O Grove producíronse varios roubos en vivendas dese municipio buscando obxetos de valor ou diñeiro en metálico.

Toda esta situación está xerando moita inquedanza e preocupación na veciñanza de Cambados polo que entendemos que ante esta realidade e de forma preventiva antes de que a situación empeore e anticipándonos ao que poida pasar, é necesario adoptar por parte do Concello de Cambados medidas urxente encamiñadas a recuperar a seguridade e tranquilidade dos veciños de Cambados.

<u>O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA</u>:
1º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a que cumpran de forma estrita tódolos puntos da moción que presentou Cambados Pode no pleno do mes de xaneiro do 2020 e que foi aprobada por unanimidade. Ano e medio despois 6 puntos dun total de 8 están sen levar a cabo.

2º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno a reforzar o persoal da Policía Local de Cambados para que deste xeito se poida realizar un servizo nocturno durante tódalas noites das fins de semana ao longo de todo o ano e tamén durante tódolos festivos.

3º.- O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á Policía Local de Cambados, así como aos seus lexítimos representantes sindicais."

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que a proposta pretende recuperar o servizo nocturno da Policía Local dando conta da oleada de roubos masivos durante varios días e semanas no pasado mes de setembro e os sucesos na Urbanización da Pedreira que tamén foron denunciados.
Di descoñecer as xestións que se están a facer a este respecto por parte do goberno municipal.

A Sra Oubiña Vázquez (BNG) di que desde o BNG atópase de acordo coa iniciativa de Cambados Pode, tendo en conta que a seguridade debe ser considerado coma un dereito

Cod. Validación: 6KHY5HXNCARZMFAG3S9C4GR9C | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 5 a 11

fundamental para todos os cidadáns. Parécelle ben que se dote axeitadamente o Corpo da Policía Local en aras de ofrecer un mellor servizo á cidadanía.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados), considera que a todos nos gustaría ter mais servizos para a cidadanía durante o día e durante a noite pero a realidade é que Cambados ten 13.000 habitantes coas limitacións de persoal e un excelente servizo da Garda Civil.
Da conta de que o servizo da Policía Local tampouco existía con Jose Ramón Abal de concelleiro sen que se fixeran patrullas nin en fin de ano.

Da conta de que de 14 efectivos hai 6 de baixa e explica que coordinadamente coa Garda Civil se intenta mellorar a prestación do servizo

Sinala que cando se pode se presta servizo os sábados e, cando se recuperen estas baixas poderase intensificar o servizo nocturno.

Di que se adoptarán medidas para contar con auxiliares da Policía en xaneiro e para aprobar a oferta de emprego de dúas prazas de oficial na oferta de emprego público

Di que lle gustaría contar con máis recursos pero incide en que Cambados é un Concello seguro, e considera que coa coordinación entre Policía Local e Garda Civil deberase abordar o servizo públcio.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) corrobora que Cambados trátase dun Concello seguro e di que votarán favorablemente a proposta.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que levan anos sen Policía Local pola noite, e se ben apunta a que coa pandemia hai menos xente pola noite nas rúas considera que non debería terse eliminado este servizo que se prestaba na súa etapa de gobeno.

Lembra que foi cando o Sr. Abal Varela tiña responsabilidades de goberno cando se suprimíu este servizo e que cando el gobernaba tamén había baixas nese departamento e o servizo se prestaba polas noites igualmente. En relación á Garda Civil hai que reseñar que tamén ten que atender a outras cousas.

A Sra. Alcaldesa di que votarán a favor da proposta e informa de que cando se tomou esta decisión foi a raíz dun informe da Subdelegada do Goberno no que se informaba de que Cambados conta cun índice de criminaldiade mais baixo da provincia.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) di agradecer a sinceridade da alcaldesa pero inicide nos problemas de seguridade que xurdiron na urbanización de A Pedreira e das denuncias que existen en relación con festas nocturnas que impiden o descanso dos veciños.

A Sra. Alcaldesa lembra que foi cando o Sr. Abal gobernaba cando se suprimíu o servizo e pon de manifesto a problemática que existe en relación coa inviolabilidade do domicilio coas festas e coa medición de decibelios por ruídos nos domicilios.

A Sra. Oubiña Vázquez (BNG) incide en que apoirarán a moción.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que, como é costume, o Sr. Abal Varela non lle escoita e que a el xa lle gustaría ter patrullas máis horas ao día e máis persoal. Di non

Cod. Validación: 6KHY5HXNCARZMFAG3S9C4GR9C | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 6 a 11

estar liberado, da conta das áreas que ten ao seu cargo e lembra que non manda na Garda Civil. Lembra que Cambados é un dos Concellos máis seguros da provincia.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) incide en que Cambados é un lugar seguro.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que, independentemente de que Cambados sexa un Concello seguro, a presenza da Policía Local polas noites ten unha finalidade disuasoria e de prevención de delitos.

A Sra. Alcaldesa chama á orde a Sr. Abal Varela por chamala mentirosa en relación a quen tivo responsabilidade de suprimir o servizo de Policía Local polas noites no anterior mandato.

Sometido a votación o Pleno por nove votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode e seis abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE e BNG adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a que cumpran de forma estrita tódolos puntos da moción que presentou Cambados Pode no pleno do mes de xaneiro do 2020 e que foi aprobada por unanimidade. Ano e medio despois 6 puntos dun total de 8 están sen levar a cabo.

SEGUNDO.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno a reforzar o persoal da Policía Local de Cambados para que deste xeito se poida realizar un servizo nocturno durante tódalas noites das fins de semana ao longo de todo o ano e tamén durante tódolos festivos.

TERCEIRO.- O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á Policía Local de Cambados, así como aos seus lexítimos representantes sindicais.

Expediente 4749/2021. Proposta do Grupo Municipal Cambados Pode interesando se doten de servizos básicos varios puntos das Parroquias de Vilariño, Castrelo e Corvillón.

O Sr. Secretario da conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras e Servizos do seguinte tenor literal,

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestas últimas semanas veciños de varias parroquias contactaron coa plataforma veciñal Cambados Pode para que no Pleno do Concello de Cambados se debata unha moción para que se acorde ampliar a rede de sumidoiros a varias vivendas da zona de Couto de Abaixo (Castrelo) e tamén en Fornos na parroquia de Vilariño.

A continuación podemos ver dúas ilustracións acoutando a zona de actuación nos puntos mencionados anteriormente.

Cod. Validación: 6KHY5HXNCARZMFAG3S9C4GR9C | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 7 a 11



Sen dúbida estas ampliacións das redes de sumidoiros contribúen á conservación e mellora do Medio-Ambiente e trátase de infraestruturas esenciais para mellorar a calidade das nosas augas e polo tanto dos nosos recursos naturais. Tódalas administracións públicas deben estar comprometidas cos obxectivos mencionados e polo tanto é fundamental levar a cabo estratexias que permitan a execución de proxectos como os que estamos a falar.

<u>Por outra banda en Xieles (parroquia de Corvillón),</u> tres familias están sufrindo a denominada fenda dixital xeográfica e non dispoñen de tendido telefónico para acceder a Internet ou para ter unha liña telefónica fixa. Tamén sofren unha moi deficiente cobertura móbil (debido ao posicionamento das antenas de telefonía móbil) e teñen enormes dificultades para facer chamadas a través da rede móbil e para acceder a Internet. En pleno Século XXI, nun mundo cada vez máis dixitalizado, o Covid-19 acelerou este transformación e hoxe en día é imprescindible ter unha boa conexión a internet para os estudos, trámites coas administracións públicas, etc. Destacar especialmente as dificultades que teñen estas familias en caso dalgunha emerxencia sanitaria, pois a mala cobertura móbil dificulta de xeito notorio o contacto e a súa localización.

A continuación podemos ver unha ilustración coas vivendas afectadas:

Cod. Validación: 6KHY5HXNCARZMFAG3S9C4GR9C | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 8 a 11

O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:
1º.- Instar á Alcaldesa e ao frupo de goberno do Concello de Cambados a tramitar o proxecto de ampliación da rede de saneamento tal como se pode apreciar nos gráficos tanto en Castrelo como en Vilariño para garantir o acceso a un servizo básico como é o saneamento a toda a cidadanía cambadesa.

2º.- Instar á empresa Telefónica a executar á maior brevidade posible a ampliación do tendido telefónico e instalación de fibra óptica para dar servizo ás 3 vivendas afectadas no lugar de Xieles na parroquia de Corvillón solicitando que se inclúan no mapa de provisión da compañía e que sexan serviciais desde a CTO presente na zona.

3º.- O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción a tódolos veciñ@s afectados."

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) solicita a presentación desta moción para ampliar a rede de saneamento no lugar de Couto de Abaixo (Castrelo).
Solicítase, igualmente, a ampliación do tendido telefónico de Telefónica para contar cun servizo do século XXI. Solicita que se tramite esta proposta con celeridade.

A Sra Oubiña Vázquez (BNG) di que votarán a favor por considerar que nos atopamos ante servizos básicos que hai que atender na actualidade, en especial aos veciños do rural con problemas de conexión na etapa do confinamento.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que votarán a favor.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) adiante o voto favorable, igualmente.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que votarán a favor da proposta.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

ACORDO:

1º.-Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a tramitar o proxecto de ampliación da rede de saneamento tal como se pode apreciar nos gráficos tanto en Castrelo como en Vilariño para garantir o acceso a un servizo básico como é o saneamento a toda a cidadanía

Cod. Validación: 6KHY5HXNCARZMFAG3S9C4GR9C | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 9 a 11

cambadesa.

2º.-Instar á empresa Telefónica a executar á maior brevidade posible a ampliación do tendido telefónico e instalación de fibra óptica para dar servizo ás 3 vivendas afectadas no lugar de Xieles na parroquia de Corvillón solicitando que se inclúan no mapa de provisión da compañía e que sexan serviciais desde a CTO presente na zona.

3º.-O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción a tódolos veciñ@s afectados.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta do informe de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Terceiro trimestre de 2021.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

Dación en conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía (Do 27/09/2021 ata o 22/11/2021)

O Pleno da Corporación dase por enterado.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) solicita como rogo que se poida debater unha moción presentada polo seu grupo relativa a celebración de Plenos con carácter mensual.

A Sra. Alcaldesa di que a periodicidade das sesións plenarias estableceuse con carácter bimensual por maioría no Pleno organizativo e a proposta da alcaldía e que é vontade da alcaldía que así se manteña o resto do mandato, sen prexuizo do que se poida acordar no próximo Pleno organizativo da Corporación do novo mandato.

O Sr Aragunde Aragunde (PP) formula as seguintes preguntas:

-Qué trámites foron realizados en relación á apertura da rúa Pacheca e os prazos estimados para a súa execución

Cod. Validación: 6KHY5HXNCARZMFAG3S9C4GR9C | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 10 a 11

-Previsión de prazos para a realización de actuacións pola costa
-Situación do campo de Beiramar.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) plantea as xestións realizadas para a obtención dos terreos da Rúa Pacheca e a necesidade de habilitar un procedemento expropiatorio a este respecto.
O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) da conta da entrevista mantida a distancia co Xefe Provincial de Costas, para acometer a realización das obras. A día de hoxe non existen prazos, informa

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) solicita que a dita documentación se facilite por escrito.

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Cod. Validación: 6KHY5HXNCARZMFAG3S9C4GR9C | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 11 a 11